

ACTA DE REVISIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO, DE RESULTADOS DO CUARTO EXERCICIO (PROBAS PSICOTÉCNICAS), E DE EMPLAZAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO QUINTO EXERCICIO (RECOÑECIMENTO MÉDICO). TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AXENTES DE POLICÍA LOCAL COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA INCLUIDAS NA OPE DO CONCELLO DE MUROS DE 2024.

Sendo as 19,00 horas do 26 de decembro de 2025, reúnese no Salón de plenos da Casa do Concello de Muros o tribunal selectivo, asistindo os seguintes membros:

Presidente: D. Pedro José Cancela González, Oficial de Policía do Concello de Carballo.

Secretario: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela, Profesor Titular de Dereito Administrativo da USC

Vogais:

Dña. María Remedios Lamela Lema, Funcionaria do Concello de Muros.

Dña. Manuela Sampedro Martínez, Policía Local do Concello de Ribeira.

D. José Luís Caamaño Domínguez, Oficial de Policía do Concello de Carballo, excusa previamente a súa asistencia por necesidades de servizo.

Procédese, en primeiro lugar, a examinar as alegacións presentadas polas seguintes persoas aspirantes:

- Sheila Feijoó Pérez
- Luís Alfonso Pais Tallón
- Brais Beade Lozano
- Raúl Calvo Muñiz
- Adrián Sánchez Molina
- Mapi González Sánchez
- Alba Puente Fernández
- Rudy Argibay Lado
- Aarón Lobelos Liñeiro

- Ainhoa Torreira Braña
- Alejandro Places Fernández
- Jonathan Prego López
- Alberto Castiñeira Figueroa
- Sergio Suárez Lodeiro

Resólvense de seguido as alegacións presentadas:

Alegacións de Dona Sheila Feijoó Pérez.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 53. A redacción da pregunta non téñ porque coincidir exactamente co que diga un precepto concreto, e a opción sinalada como correcta é válida.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 55. A expresión que aparece no art. 551 CP - armas u outros objetos peligrosos- comprende ás armas de fogo.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 57. As preguntas non teñen porque mencionar se están referidas a un artigo concreto dunha norma concreta, opostamente ao que sostén a aspirante.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 90. A resposta marcada como correcta é efectivamente a correcta, por aplicación do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, Anexo II, Sección 1ª, artigo 2.

-O Tribunal quere deixar asimesmo constancia, á vista das alegacións presentadas pola Sra. Feijoó Pérez, de que o prazo de cinco días previsto nas bases reitoras do proceso selectivo para que os aspirantes aleguen fronte aos resultados de cada proba do proceso en ningún caso é un prazo suspensivo, motivo polo cal non se vulneraron os dereitos dos aspirantes pola sucesiva celebración das probas nos días que foron marcados.

A mais abastanza, cómpre salientar que as datas e horas fixadas para a celebración das probas do proceso selectivo, que respeitaron en calquera caso o previsto nas bases que o rexen, foron determinadas en base a un interese público palmario, como é que o proceso remate dentro dos prazos máximos previstos para poder solicitar o ingreso dos/as aspirantes que se seleccionen na AGASP.

-Revisouse a nota do primeiro exame da alegante e verificouse a súa corrección, sendo a súa calificación de 5,86 puntos.

-En canto á alegación relativa a que unha parte dos participantes no terceiro exercicio non presentaron o certificado médico por rexistro, aspecto previsto nas bases, senón que o entregaron no momento de realizar as probas físicas, o Tribunal, unha vez constatado que unha parte relevante dos aspirantes efectivamente non entregou o certificado por rexistro, deliberou e acordou que dita non presentación non debe determinar a exclusión do proceso selectivo, dado que a finalidade da presentación do certificado, nos termos previstos nas Bases, é verificar que as persoas aspirantes se atopan en circunstancias físicas axeitadas para participar efectivamente nas probas físicas, extremo que se verificou antes de executar ditas probas, e dado que excluílas no proceso pola razón exposta -non presentar o documento por rexistro- constituiría unha interpretación excesivamente rigorista das bases, incompatible con garantir o dereito das persoas aspirantes a participar no proceso selectivo.

Alegacións de Don Luís Alfonso Pais Tallón.

-O Tribunal remítese á resposta anterior, relativa á non presentación do certificado médico por rexistro.

Alegacións de Don Brais Beade Lozano.

-Revisouse a corrección do primeiro exercicio e acóllese a alegación, pasando a puntuación final a 6,13 puntos (29 erros).

Alegacións de Don Raúl Calvo Muñiz.

-Revisouse a corrección do primeiro exercicio e acóllese a alegación, pasando a puntuación final a 4,93 puntos (38 erros).

Alegacións de Don Adrián Sánchez Molina.

-Rexéitase a alegación a respecto da pregunta 19, dado que no artigo 124 da LRBRL, malia que se refira só ao alcalde nos municipios de gran poboación, régúlase esa cláusula residual. A pregunta non se refire a donde aparece regulada con carácter xeral.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 55. A expresión que aparece no art. 551 CP - armas u outros objetos peligrosos- comprende ás armas de fogo.

-Rexéitase a alegación á pregunta 64. O enunciado da resposta b), que se considera como correcta ("registrar papeles o documentos de una persona o los efectos que se hallen en su domicilio sin su consentimiento, también es delito contemplado en el art. 534 del Código Penal"), resulta a xuízo do Tribunal suficientemente claro como para entender que non se inclúen nesa proposta os supostos legalmente previstos que non constitúen delito.

Alegacións de Dona Mapi González Sánchez.

-Revisouse a corrección do primeiro exercicio e acóllese a alegación, pasando a puntuación final a 6,26 puntos (28 erros).

Alegacións de Dona Alba Puente Fernández.

-Revisouse a corrección do primeiro exercicio e acóllese a alegación, pasando a puntuación final a 6,26 puntos (28 erros).

Alegacións de Don Rudy Argibay Lago.

-Rexéitase a alegación á pregunta 8. A resposta c) é correcta, dado que o que alega o aspirante, que se corresponde co contido na D.T. 1ª da CE, é potestativo ("podrán sustituir la iniciativa").

-Rexéitase a alegación á pregunta 20, dado que unha ordenanza é un regulamento, tén natureza regulamentaria, opostamente ao que mantén o aspirante.

-As alegacións ás preguntas 22, 25, 56 e 71 xa foran aceptadas por este Tribunal e aplicadas á corrección dos exercicios.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 55. A expresión que aparece no art. 551 CP - armas u otros objetos peligrosos- comprende ás armas de fogo.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 82. A resposta b) é correcta, dado que como se manifestou antes neste mesmo escrito de resposta ás alegacións presentadas, o enunciado das propostas, e mesmo das correctas, non tén porque

coincidir exactamente co que dí a norma, senón que tén que resultar compatible, para considerarse correcto, co que dí a norma.

Alegacións presentadas por Don Aarón Lobelos Liñeiro.

-Rexéitase que as preguntas 69 e 76 se refiran a materias non previstas no temario da oposición. O tema 22 refírese expresamente a delitos leves e graves, é dicir, a todos os delitos.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 90. A resposta marcada como correcta é efectivamente a correcta, por aplicación do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, Anexo II, Sección 1ª, artigo 2.

Alegacións presentadas por Dona Ainhoa Torreira Braña.

-Procédese a remitirlle copia da plantilla de respostas ao primeiro exame, segundo o solicitado.

Alegacións presentadas por Don Alejandro Places Fernández.

-As alegacións ás preguntas 22, 25 e 71 xa foran aceptadas por este Tribunal e aplicadas á corrección dos exercicios.

Alegacións presentadas por Don Jonathan Prego López.

-Rexéitase a alegación a respecto da pregunta 53, dado que a opción a), fronte ao que sostén o alegante, non é correcta, precisamente porque falta na mesma “o alteración psíquica”.

Alegacións presentadas por Don Alberto Castiñeira Figueroa.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 90. A resposta marcada como correcta é efectivamente a correcta, por aplicación do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, Anexo II, Sección 1ª, artigo 2.

Alegacións presentadas por Don Sergio Suárez Lodeiro.

-Rexéitase a alegación sobre a pregunta 90. A resposta marcada como correcta é efectivamente a correcta, por aplicación do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, Anexo II, Sección 1ª, artigo 2.

-Revísase a cualificación da primeira proba, detectando que efectivamente o aspirante leva razón, debendo asignárselle unha puntuación no primeiro exercicio de 6,53 puntos, que se corresponde con 26 erros.

Revisadas as alegacións das persoas aspirantes nos termos expostos, procédese en segundo lugar a publicar os resultados do cuarto exercicio da oposición (probos psicotécnicas).

Para a realización do mesmo o Tribunal desgnou como asistente a D. Manuel Arias Veiga, Inspector do Corpo Nacional de Policía e experto en probas psicotécnicas. As mesmas desenvolvéronse polo orde establecido nas bases -proba de intelixencia, proba de persoalidade e entrevista persoal-, e os resultados dos/as aspirantes que se presentaron foron os seguintes:

ASPIRANTE	NOTA
FEIJOO PEREZ SHEILA	APTO
FIGUEIREDO VIÑAS AARON	APTO
LOBELOS LIÑEIRO AARON	APTO
PAIS TALLON LUIS ALFONSO	APTO
PLACES FERNANDEZ ALEJANDRO	APTO

PREGO LÓPEZ JONATHAN	APTO
RODRIGUEZ IGLESIAS FABIAN	APTO
SANCHEZ CHENTO JOSEBA	APTO
SILVA MONTULL FRANCISCO	APTO
SUÁREZ LODEIRO SERGIO	APTO
BLANCO SANCHEZ MIGUEL	APTO
CARREÑO MARTINEZ KEVIN	APTO
DA COSTA PIÑEIRO RAQUEL	APTO
DE LA IGLESIA ALONSO SERGIO	APTO

Convócase, en terceiro lugar, aos aspirantes para a realización do quinto exercicio -recoñecemento médico-, que terá lugar o martes día 30 de decembro de 2025, ás 9,00 horas, na Clínica Pedrosa, sita en Avda. da Coruña, 2 Baixo - 15200 Noia (A Coruña).

Considerando que a Base sexta das que rexen o proceso selectivo dispón que “o tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ao posto convocado”, e que engade a mesma Base que “sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionadas, o tribunal se selección establecerá unha relación complementaria das persoas aspirantes, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario na praza obxecto desta convocatoria”, o Tribunal acorda que unha vez practicado o recoñecemento médico propoñerá como aprobados/as aos dous candidatos ou candidatas con maior puntuación e propoñerá unha relación complementaria de outros dous aspirantes entre os aprobados, ordeados igualmente por maior puntuación.

En base ao anterior, emplázase para a realización da quinta proba -recoñecemento médico- ás seguintes persoas aspirantes (constan á dereita dos nomes as correspondentes puntuacións no primeiro exercicio):

PREGO LÓPEZ JONATHAN 6,80

LOBELOS LIÑEIRO AARON 6,66

SUÁREZ LODEIRO SERGIO 6,53

SANCHEZ CHENTO JOSEBA 6,26

DA COSTA PIÑEIRO RAQUEL 6,13

BLANCO SANCHEZ MIGUEL 6,13

No suposto de que comparecesen ou non superase esta quinta proba menos de catro dos/as aspirantes arriba referidos, emprazarase ás seguintes persoas aspirantes por orde de puntuación, ate completar un total de seis persoas aspirantes para propoñer ás dúas de mais puntuación como aprobadas e ás seguintes dúas como integrantes da relación complementaria.

E sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 21,00 horas do 26 de decembro de 2025.

O secretario do Tribunal,

Visto e praxe, o Presidente do Tribunal,

Asdo.: Fernando Adolfo de Abel Vilela

Asdo.: Pedro José Cancela González